

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/12/2019 13:50:25

SAIDA

13681/19

[REDACTED]  
[REDACTED]  
[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]  
Expediente. Nº RSCTG 151/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], [REDACTED],  
[REDACTED],  
mediante escrito do 22 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 22 de outubro de 2019, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo, informe remitido pola Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre a reclamación presentada por [REDACTED] contra a Resolución do 18 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Medios pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información relativa á viaxe á Arxentina no mes de setembro, de altos cargos do PpdeG con responsabilidades na Xunta de Galicia.

O reclamante indicaba que declinaron responder, vulnerando os seus dereitos de acceso á información e documentos públicos, afirmando que a Secretaría de Medios non leva contas administrativas nin ningún tipo de control onde os seus altos cargos son impunes e están libres para gastar fondos públicos sen dar explicacións.

O escrito viña acompañado de copia da reclamación presentada e da resolución impugnada.

**Segundo.** Con data 25 de outubro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en

cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 30 de outubro de 2019.

**Terceiro.** Con data 15 de novembro de 2019 a Secretaría Xeral de Medios contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude entrou na Secretaría Xeral de Medios o 18 de setembro de 2019, data na que a viaxe institucional a Arxentina aínda non finalizara, polo que a información solicitada non se pode proporcionar porque materialmente non se ten no momento exacto no que a solicitude se presentou.

Dada a extensa e variada relación de información que solicita, habería que realizar unha labor de reelaboración para poder contestar en detalle ao solicitado, cando non paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a subministrar a información, dado que os viaxes institucionais, implican unha actuación conxunta por parte de todos aqueles departamentos interesados que van a ter unha participación nos actos previstos, dos que resultarían uns compromisos de gastos que serían asumidos por cada un deles.

No informe se alega que a o volume de información solicitada é confusa dispar e inconcreta, polo que resultaría moi difícil de atender, e a información se atopa dispersa nos diferentes departamentos que haberían participado nesta viaxe institucional, que obrigaría a levar a cabo unha labor de estudo, análise e selección, simplemente porque non aparece reflexada tal e como a formula o solicitante.

Reitera a secretaria que a información dificilmente se pode atender cando a petición de información se presenta no momento no que se está a realizar a viaxe, ou que determinados gastos se imputan ao capítulo II do orzamento de gastos dos que a normativa establece que teñen un prazo de 6 meses para a súa xustificación. O mesmo sucede coa información solicitada sobre as contas e informes de fiscalización por parte dos órganos de control externo, das que non se dispón neste momento.

O resto da información, polo feito de atoparse dispersa, e por que as peticións de información son confusas e non se axustan á realidade metodolóxica e procedementos de xestión e fiscalización destas viaxes, obrigaría a realizar unha labor complexa de estudo, análise e selección a efectos de determinar a información a subministrar, o que suporía a necesidade de recabar, ordenar e poñer a disposición a información que debe elaborarse ad hoc, para o que, esta Secretaría Xeral de Medios carece de medios persoais e técnicos necesarios.

Sínálase que o Director Xeral Relacións Exteriores e coa Unión Europea da conta ao Parlamento, ao final de cada período de sesións, das viaxes realizados por la Presidencia da Xunta.

A Secretaría Xeral de Medios considera que se trata dunha solicitude para cuxa contestación é necesaria unha labor previa de reelaboración, de acordo co disposto no artigo 18.1.c) da Lei 19/2013.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Oficina de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.



O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución recorrida é do 18 de outubro de 2019, e a reclamación presentouse con data do 22 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A información solicitada polo interesado, refírese a unha viaxe institucional da Xunta de Galicia, realizada entre os días 14 a 21 de setembro de 2019. Trátase dunha información que

de conformidade co disposto no artigo 10.m) da Lei 1/2016, debe ser obxecto de publicidade activa.

Alega en primeiro lugar a Secretaría Xeral como motivo da inadmisión que na data na que a solicitude entrou na Secretaría, o 18 de setembro, a viaxe aínda non finalizara, polo que non se podería proporcionar a información. Este motivo de inadmisión non pode aceptarse, por canto a resolución da solicitude, tal e como figura no expediente, ditase con data do 18 de novembro de 2019, é dicir, cando a viaxe xa estaba rematada.

Non se dubida da afirmación da Secretaría Xeral de que as viaxes institucionais implican unha actuación conxunta de todos os departamentos interesados que van a ter unha participación nos actos previstos e dos que resultarán uns compromisos de gastos asumidos por cada un deles. A realización dun compromiso de gasto con motivo da viaxe ( transporte, aloxamento etc...), ou as actuacións que se realicen con motivo do mesmo e que se materialicen en forma de contratos, convenios de colaboración, subvencións ou calquera outro instrumento que se vaia a formalizar con calquera institución, organismo ou empresa durante a realización da viaxe institucional, implica expedientes administrativos (memoria, documentos contables que correspondan, fiscalización por parte da intervención se procede, informes xurídicos entre outros), de cada un dos departamentos participantes, polo que a información debe estar localizada nos departamentos autores de cada expediente.

O informe da Secretaría Xeral considera que a solicitude está formulada de forma confusa, inconcreta ou xenérica, o que unido ao feito de que a información se atopa en varios departamentos, levaría a facer unha labor de estudo, análise e selección da información, motivos polos cales, considérase xustificada a inadmisión por necesidade de reelaboración. Non pode compartirse este argumento, por canto si a solicitude está formulada de forma confusa, inconcreta ou xenérica, a Secretaría Xeral ten a obriga, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, de solicitar ao interesado que a concrete no prazo de dez días, con indicación de que en caso de que non o faga, se lle terá por desistido da súa solicitude. Por outra banda, dentro da amplitude da información solicitada, debe a Secretaría facer unha labor de estudo co fin de determinar que información existe e é información pública e proporcionarlle, e que información non existe.

Respecto do principal motivo alegado para a inadmisión, a necesidade de reelaboración da información solicitada, como xa se pronunciou o Tribunal Supremo en sentenza do 16 de outubro de 2017, calquera pronunciamento sobre as “causas de inadmisión” que se enumeran no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e en particular, sobre a referida ás relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración, debe tomar como premisa a formulación ampla e expansiva coa que aparece configurado o dereito de acceso á información na Lei 19/2013. O dereito de acceso á información pública é un auténtico dereito público subxectivo, nos termos previstos no artigo 105. b) da Constitución

Española, do que son titulares todas as persoas, e que soamente verase limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos. A formulación ampla no recoñecemento e na regulación legal do dereito de acceso á información obriga a interpretar de forma estrita, cando non restritiva as causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas no artigo 18.1 da Lei 19/2013, e en todo caso, a aplicación de toda causa de inadmisión debe quedar debidamente motivada na resolución pola que se responda á solicitude de información presentada.

Respecto do concepto de reelaboración, de acordo co criterio interpretativo 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno e os pronunciamentos desta Comisión en numerosos expedientes, e outros Consejos Autonómicos, non se pode entender a mera agregación, ou suma de datos, ou o mínimo tratamento dos mesmos, xa que deste xeito, o dereito de acceso á información converterase no dereito ao dato ou á documentación, que non é o que establece o artigo 24 da Lei 1/2016 ao definir o dereito como dereito á información.

O concepto de reelaboración como causa de inadmisión pode entenderse aplicable cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitude, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

A reelaboración non pode confundirse coa recompilación de información en supostos nos que o volume ou complexidade da información que se solicita faga necesario un proceso específico de traballo ou manipulación para conseguila, que xustificaría, como prevé o artigo 20.1 da Lei 19/2013, unha ampliación do prazo para resolver. Tampouco pode confundirse a reelaboración cos supostos nos que a información se atope en poder de varias unidades informantes que resulten responsables da súa custodia e nos que o seu autor estea claramente definido, supostos nos que a dita información debe solicitárselle a órgano ou unidade, de acordo co disposto no artigo 19.4 da Lei 19/2013.

Neste caso, e con independencia de que se deba pedir ao solicitante que concrete a súa petición, a viaxe sobre a que se está a pedir información tivo unha duración de unicamente oito días, e cada un dos departamentos participantes debe de ter información sobre as súas actuacións, polo que non se pode considerar que sexa necesaria reelaboración, senón unha simple recompilación da información, non sendo causa xustificada para a inadmisión da solicitude.

A Lei obriga a dar información que conste en poder do suxeito obrigado. Si os gastos que se imputan ao Capítulo II do orzamento de gastos non están aínda liquidados e xustificados, pode inadmitirse a solicitude, xustificándoo adecuadamente na resolución, pero unicamente

respecto a esta parte da información, por tratarse de información en curso de elaboración (artigo 18.1.a), e sen prexuízo de que no momento no que se dispoña da información, se lle comunique ao interesado nun prazo non superior a dez días. Si non se dispón das contas e informes de contas e de fiscalización dos órganos de control externo, non cabe senón denegar o acceso a esa parte da información, pero non xustifica a inadmisión do da solicitude do resto da información.

Por outra banda, o feito de que o Director Xeral Relacións Exteriores e coa Unión Europea dea conta ao Parlamento, ao final de cada período de sesións, das viaxes realizados por la Presidencia da Xunta non é xustificación para inadmitir a solicitude presentada, por canto a información da que da conta o citado Director, é sobre a finalidade das viaxes e os obxectivos acadados nos mesmos, que non coinciden co contido da solicitude, que se refire principalmente a información de carácter económico e contractual da dita viaxe.

De acordo co anterior, e con independencia de que de forma xustificada, poida denegarse a remisión da información que aínda esta en curso de elaboración (liquidación de gastos, informes de fiscalización,..), debe recompilarse a información existente nos departamentos da Xunta de Galicia que tiveron participación na viaxe, e conceder á entidade interesada a información solicitada da que se dispoña.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] contra a Resolución do 18 de outubro de 2019, da Secretaría Xeral de Medios pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información relativa á viaxe á Arxentina no mes de setembro, de altos cargos da Xunta de Galicia, debendo proporcionarse a información de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto desta resolución.

**Segundo:** Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES	por 76706870F MARIA
FERNANDEZ (R:	DOLORES FERNANDEZ
S6500009C)	(R: S6500009C)
	Fecha: 2019.12.18
	12:19:47 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**